

Catherine
Cawthorne

Sara
Ogilvie

O GRAN LOBO FERROZ

INVESTIGA

Os CONTOS
DE FADAS



 Picarona

Para Susie, Zoe e Christopher – C. C.

Para Gerwin e Petra – S. O.

Podes consultar o noso catálogo en www.picarona.net

O gran lobo feroz investiga os contos de fadas

Texto: Catherine Cawthorne

Ilustracións: Sara Ogilvie

1ª edición en galego: maio do 2025

Título orixinal: Big Bad Wolf Investigates Fairy Tales

Tradución e corrección: Silvia Obelleiro

Maquetaxe: El Taller del Llibre, S. L

© 2020, Catherine Cawthorne polo texto.

2020, Sarah Ogilvie polas ilustracións.

A presente edición publicouse por acordo con Bloomsbury Publishing Plc.
(Reservados todos os dereitos)

2025, Ediciones Obelisco, S.L

www.edicionesobelisco.com

(Reservados todos os dereitos para a lingua galega)

Edita: Picarona, selo infantil de Ediciones Obelisco, S.L

Collita, 23-25. Pol. Ind. Molí de la Bastida

08191 Rubí - Barcelona - España

Tel. 93 309 85 25

E-mail: picarona@picarona.net


ISBN: 978-84-9145-810-4

DL B 23.342-2024

Printed in China

Todos os dereitos reservados. Ningunha parte desta publicación, incluído o deseño da cuberta, pode ser reproducida, almacenada, transmitida ou utilizada en maneira algunha por ningún medio, xa sexa electrónico, químico, mecánico, óptico, de gravación, o electrográfico, sen o previo consentimento por escrito do editor.

Dirixete a Cedro (Centro español de Dereitos Reprográfico, www.cedro.org) se necesitas fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.





Queridos e avispados zoquetes,

Estou seguro de que coñeces a historia de Cincenta. E a de Xan e as fabas máxicas. E todos eses outros contos podres sobre porcos, bruxas e chicharos. Pero non os coñeces. Non de todo.

Só, pensade por un minuto. Poderías bailar DE VERDADE cuns zapatos feitos de CRISTAL? Que lle pasa a unha casa de pan de xenxibre cando CHOVE? Son as orellas grandes REALMENTE mellores para escoitar?

E pensade no desgraciado de min! Non podería zampar á Avoa dunha soa dentada, aínda que quixera. Seguramente só podería comer unha perna. E quizais un brazo se tivera moita fame... E eses porquiños? Que razón podería ter eu para querer derrubar as súas casas? Teño cousas mellores que facer. Pero ese non é o tema!

TODO ISTO NON TEN NINGÚN SENTIDO e vouno DEMOSTRAR!

O voso científico, lóxico e matemático:
O Gran Non-Tan-Feroz-Como-Pensabades Lobo.

PORQUIÑO
1

PORQUIÑO
3

CHICHAROS

DESPEGAR



Os Tres Porquiños

Mamá Porca estaba farta dos seus tres porquiños, así que lles dixo que se foran construír cadansúa casa. (PAIS: ISTO NON ESTÁ PERMITIDO! Ben, a menos que os vossos fillos sexan moi molestos, nese caso, teredes razón.)



O Porquiño Número Un constrúe unha **casa de palla**.



O Porquiño Número Dous constrúe unha **casa de madeira**.



O Porquiño Número Tres constrúe unha **casa de ladrillos**.

Os Tres Porquiños pasan o tempo nas súas novas casas ata que o Gran Lobo Feroz aparece na casa de palla.

—Porquiño, porquiño, déixame entrar!

—Entón soprarei, soprarei e a túa casa derrubarei.

—Nin polo beche do meu queixo, oenc, oenc!



E soprou, e a casa de palla derrubou.



O Gran Lobo Feroz vai cara á casa feita de madeira e ten
EXACTAMENTE a mesma conversación
co Porquiño Número Dous.



Soprou e soprou, e a casa de madeira derrubou.

Finalmente, O Lobo vai á casa
de ladrillos, e ten a mesma charla.



Pero esta vez, soprou e soprou e a casa
de ladrillo seguiu en pé.

O Lobo anóxase
tanto que se sobe ao
tellado e baixa pola cheminea.
Pero non garda moito sixilo...



Os porquiños ferven agua nun caldeiro sobre
o lume da cheminea en tempo récord.

O Gran Lobo Feroz cae dentro
(PATAPLUN!)
e queimase o traseiro
(RECOIRO!)



E sae correndo para non volver **NUNCA**.
Os Tres Porquiños cantan ledos. Fin.



Os porquiños son
xeniais.

Os Lobos
apestan.

Eh! Aínda sigo aquí!
Imos analizar o
que realmente
pasou...

